

Polo cumprimento do acordo de Residentes

Diante dos incumprimentos reiterados do artigo 5 do **Acordo polo que se melloran as condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do SERGAS,**

CIG-Saúde solicita que se reúnan as Comisións de Seguimento para esixir o cumprimento da xornada, tempo de traballo e descansos do persoal residente.



O Acordo, entre outras cousas, recolle que:

- **A xornada anual será de 1624 horas** e, con carácter xeral, non realizarán máis de **cinco gardas ao mes**, este número de gardas poderá ampliarse ata sete por necesidades formativas.
- O persoal residente terá dereito a un **período mínimo de descanso ininterrompido de 12 horas entre xornadas**. Cando as necesidades formativo-asistenciais derivadas da atención permanente nos centros impidan o desfrute do referido período de descanso, aplicarase o réxime de compensación por descansos alternativos establecido no estatuto marco.
- **O horario da actividade** do residente, tanto en xornada ordinaria como complementaria, adaptarase ás características organizativas da unidade en que presten servizos **de acordo co programa formativo**.

A formación de Residentes debería ser unha prioridade para a Sanidade Pública.

Non hai formación de calidade con condicións de traballo precarias.